

Asociación “PENEDO ABALLÓN”

¡Vaya se s'aballa!

El Penedo Aballón na Serra de Penouta (Bual)

Un dos esmolementos da nosa revista é dar noticia del movementu asociativu del occidente asturianu y por eso sempre ha haber un sitio nas nosas páxinas onde as asociacióis podan falar das súas actividades y proyeutos. Volvemos a fer el brinde a todas as asociacióis ás que chega ENTRAMBASAUGUAS pra que nos escriban. Se nel número anterior se falaba del asociacionismu na Roda (Tapia), agora tócase a vez á Isabel d'Octavio, úa das fundadoras del “Penedo Aballón”, que nos cunta un daqué da vida d'esta asociación bualesa.

↓ Isabel Rodríguez Sanjurjo

Era el brao del año 1987 condo un peteiro de mozas y mozos de Bual se xuntóu pr'amañar el Asociación “Penedo Aballón”. Empuxábanos a gana de fer máis cousas qu'ir á os fines de semana a tomar úa copa á discoteca polla noite. Por eso, nada miyor qu'esta pedrúa emblemática da Serra de Penouta, *El Penedo Aballón*, pra darye nome a úa asociación bualesa que vía con agayo pra moverse y animar un pouquín a vida cultural, deportiva y recreativa del conceyo. ¡Y vaya se s'aballóu d'entonces pr'acó!

Nestos cuase once años foron muitas as actiydades nas que trabayamos. Costa caro crer que tuvésemos vagar pra tanto però sempre hai xente con interés disposta a puer un pouquín del sou tempo nas cousas que máis yes presta: a us mányes máis el deporte, a outros a festa, a outros el teatro... Por

eso, as actividades foron del máis variado.

Organizamos cabalgatas de reis, recoyemos xuguetes pra nenos que los precisaban, volvemos recuperar el guinaldo en Navidá, a celebración del Antroiro —con carrozas feitas dalgúas veces por nosoutros— ou os cabezudos pras festas. Amañamos concursos lliterarios, de fotografía, dibuxo, pintura... Tamén dende el año 1988 hasta 1992, el gueiteiró fundador del grupo *Os Penácaros*, Octavio, deu cursos de gaita de seis meses cada ún que tuvieron muito búa acoyida entre os socios. Ademáis d'este instrumento tradicional tamén houbo cinco cursos de guitarra.

Entre as actividades recreativas tán as muitas escursióis feitas, úas a pé pol conceyo y outras máis llonxe como a Grandas ou a Sargadelos. Pinta que foi hai muito tempo y pode chocar hoi en día con tanto vídeo y tanta televisión de pago, però tamén



amañamos d'alquilar un autobús y, por un precio xa acordado, baxábamnos todos a Navia al cine. Tamén houbo proyeccións de vídeos y películas pra os socios nel mesmo Bual.

Como asociación cultural del conceyo nun podíamos deixar de botar úa mao nos principais acontecementos de Bual. Na *Feria del Mel*, dende qu'empezóu, sempre tuvemos na súa organización axudando al Asociación d'Apicultores. Puntos un bar, montamos esposicións de fotografía, traxes tradicionales, material etnográfico...

El teatro é outro dos campos unde tamén trabayamos. Temos un grupo de teatro aficionado que ten posto con muito éxito ben d'obras d'autores na fala comó el Galano ou Jesús Valdés. Tamén trouxemos ou axudamos a que visen a Bual grupos teatrales d'outros sitios.

Xa mencionamos os concursos lletterarios. Organizámolos con motivo del *Día del Libro*, el 23 d'abril, y acompañamos esta celebración con trípticos dedicados a os nosos escritores locales: Carlos Bousoño, Benjamín López, Ángel Arias, Teresa López.

Agora tamos trabayando na recuperación del refraneiro y cancionero popular. Tamén tentamos de recuperar os bailes de por aquí y hasta a tradicional bolera pero nun puido ser por causas que nun dependían da nosa asociación.

Nun podíamos esquecer el deporte porque os campionatos de futbito ou tenis de mesa foron sempre cita obrigada. Dalgúas convocatorias deportivo-recreativas chegaron máis allá das fronteiras del conceyo, como é el caso da *Ruta cicloturista del Mel*, que vei a través dos conceyos d'Eilao, Pezós, Grandas, Os Ozcos y Bual, y que tuvo muita participación de xente de toda Asturias.

A ecoloxía tamén nos esmol y sempre quixemos colaborar en todas as iniciativas qu'axudasen a miyorar el noso entorno natural. Puntos el noso granín d'arena recoyendo dende hai nove anos pilas usadas por todo el conceyo.

Y esto é todo. Pouco máis se pode dicir que nun conozan os que tán metidos en telares como estos. Somos cuase un centenar de socios aunque os que tein que llevar el peso siempre son us poucos, pero eso é normal en todas as asociacións. Outro problema peor é a falta de local que nos quita de fer abundas actividades y que nos obriga a ter repartidos pollas casas dos socios todos os tarecos y trastes del "Penedo Aballón". Pero seguimos aballándonos: el última xeira foi a Cabalgata de Reis y agora anduvemos metidos na organización del Antroiro. ¡Mientras haxa agayo...!

